

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE MAIO DE 2017**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 29 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 25 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Secundino Otero Failde (asiste aos puntos 2b e 3b)
D. Miguel Fidalgo Iglesias (asiste ao punto 2a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A *"Documentación persoal"*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- Admitir a CREACIONES LUMINOSAS, S.L. neste procedemento por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.
- Outorgar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. un prazo de tres días hábiles para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Dado que dous dos tres CPV sinalados no apartado 2B do Anexo I -FEC- do PCAP non teñen clasificación alternativa, deberá acreditar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional de acordo co previsto na cláusula 8:

- Solvencia económica e financeira: *"Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato"*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:49	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A646-8E58EC-5CA7DF-JSAAD9-KFR5L6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Solvencia técnica e profesional: *“Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan ao obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato”.*

b) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Así mesmo, informa dos escritos presentados por Administración de Playas, S.L. e D^a. María Francisco Touriño nos que poñen de manifesto que a proposición de D^a. Obdulía Lastra Francisco foi presentada fóra de prazo.

Os membros da Mesa deciden solicitar a comparecencia do xefa da Oficina de Rexistro Xeral quen aclara que ese día D^a. Obdulía Lastra Francisco se atopaba no Rexistro sobre as 13:20 horas. Como non dispoñía de fotocopias das carátulas dos sobres que ía presentar foi dirixida á oficina de Conserxería para que llas fixeran. Unha vez feitas as fotocopias volveu ao Rexistro Xeral. Como é habitual, ás 13:30 horas pechouse o portelo do Rexistro e invitouse aos administrados que esperaban a que entrasen na oficina. Co fin de dar cumprimento á cláusula sexta (punto 5) do PCAP (*“O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro Xeral deste concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio”*), unha vez rexistrada a proposición de D^a. Obdulía Lastra Francisco o empregado do Rexistro devolveulle unha copia dos sobres (lote 4) coa etiqueta de entrada no Rexistro.

Aclarado a incidencia anterior, ábrese o sobre 1 *“Documentación persoal”*. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO. Achega xustificantes do depósito de tres garantías provisionais.
 2. D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE. Achega xustificantes do depósito de dúas garantías provisionais.
 3. ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. Achega xustificantes do depósito de cinco garantías provisionais.
 4. D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO. Presenta proposicións para os lotes 4 e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:49	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A646-8E58EC-5CA7DF-JSAAD9-KFR5L6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



5 en sobres independentes e achega xustificante do depósito da garantía provisional para cada lote.

5. D. MANUEL LAGO CHAPELA. Achega xustificante do depósito dunha garantía provisional.

b) Non admitir neste procedemento a D. XOSE MARÍA MIGUÉNS GONZALVES por non ter presentado no Sobre 1 o xustificante de ter depositado a garantía provisional (esixido na cláusula sexta -punto2- do prego de cláusulas administrativas particulares), nin tela depositado (achega no sobre A escrito onde fai constar *“actualmente non dispón da cantidade de 600€ para a realización do depósito da garantía provisional para a licitación do lote 1, encontrándose actualmente en trámites coa entidade Abanca para a obtención da cantidade indicada”*).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días hábiles a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. para que poida emendar a documentación persoal.

b) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación do dominio público, instalación e explotación por terceiros particulares de quioscos nas praias do concello de Vigo (12.376-306)

En acto público ábrese o sobre 2 *“Modelo de quiosco proposto”* dos licitadores presentados e admitidos. Segundo consta no citado sobre:

1. D^a. MARÍA FRANCISCO TOURIÑO presenta documentación para os lotes 3, 5 e 8.
2. D. RICARDO SANTIAGO DAPONTE, presenta documentación para os lotes 3, 4, 6 e 7. Tendo en conta que no sobre A só achegou xustificante de depósito de dúas garantías provisionais (*“carta de pago”* e *“talón de cargo”* das operacións nº 51542 e nº 51543), realizáronse as comprobacións oportunas por un membro da Mesa na aplicación contable municipal e constatouse que o referido licitador depositou 4 garantías provisionais polo importe esixido no prego. Os xustificantes do depósito (operacións nº 51541 e 51539) incorpóranse ao expediente.
3. ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L. presenta documentación para os lotes 2, 4, 6, 7 e 9.
4. D^a. OBDULIA LASTRA FRANCISCO (lotes 4 e 5), preséntase aos lotes 4 e 5 en sobres independentes.
5. D. MANUEL LAGO CHAPELA, presenta documentación para un lote pero non indica cal.

Asisten á apertura: D^a: Mónica González Francisco, con DNI 76.913.101-C, en representación de D^a. María Francisco Touriño; D^a. María Francisco Touriño, con DNI 354.868.454; D. Alberto Lago Chapela, con DNI 39.461.165-L; D. Manuel Lago Chapela, con DNI 39-461.164-H; D. Carlos Val González, con DNI 36.101.483-Q e D. Víctor Fernández Quinteiro, ambos en representación de Administración de Playas, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:49	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A646-8E58EC-5CA7DF-JSAAD9-KFR5L6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 23:49	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5A646-8E58EC-5CA7DF-JSAAD9-KFR5L6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		